

esgota a vía administrativa e contra ela poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. No obstante, previamente poderá interpoñer recurso de reposición ante a Dirección Xeral do Igape, dentro do prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución.

O expediente ponse de manifesto á entidade neste centro directivo sito en Santiago de Compostela, complexo administrativo San Lázaro, s/n.

Santiago de Compostela, 25 de marzo de 2009.

Álvaro Álvarez-Blázquez Fernández
Director xeral do Instituto Galego de Promoción
Económica

Resolución do 26 de marzo de 2009 pola que se comunica o inicio de procedemento de incumprimento total e resolución de retención de pagamentos a González Bermúdez, María Carmen, titular do expediente IG127.2007.1.66, relativo a unha axuda para a adopción de novos modelos empresariais innovadores que incidan na mellora das diferentes áreas da empresa.

Intentada a notificación persoal e devolta polo servizo de correos ao resultar imposible a súa práctica, de conformidade co establecido no artigo 59.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRX-PAC), mediante esta resolución ponse en coñecemento de González Bermúdez, María Carmen, titular do expediente IG127.2007.1.66, relativo a unha axuda para a adopción de novos modelos empresariais innovadores que incidan na mellora das diferentes áreas da empresa (Resolución do 9 de maio de 2007, DOG número 96, do 21 de maio de 2007), que o 6 de febreiro de 2009 o director xeral do Igape acordou iniciar procedemento de incumprimento total das condicións de concesión da axuda outorgada, co obxecto de determinar o alcance deste, que podería dar lugar á revogación da axuda concedida, e suspender a tramitación da solicitude de cobramento.

Os actos obxecto deste anuncio non se publican na súa integridade en virtude da cautela prevista no artigo 61 da LRX-PAC. Concédese un prazo de quince días hábiles desde a publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia* para presentar alegacións co fin de xustificar a non procedencia deste presunto incumprimento. A resolución de suspensión esgota a vía administrativa, e contra ela poderá interpor potestativamente recurso de reposición ante o director xeral do Igape no prazo máximo dun mes desde o día seguinte ao da publicación des-

ta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, ou directamente recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo máximo de dous meses, desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. O expediente ponse de manifesto á entidade neste centro directivo sito en Santiago de Compostela, complexo administrativo San Lázaro, s/n.

Santiago de Compostela, 26 de marzo de 2009.

Álvaro Álvarez-Blázquez Fernández
Director xeral do Instituto Galego de Promoción
Económica

INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO

Anuncio do 26 de marzo de 2009 polo que se somete a información pública a modificación puntual do proxecto sectorial do parque empresarial de Monterroso.

En cumprimento do disposto nos artigos 25 da Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, e 13 e 14 do Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal, sométese, para os efectos e durante o prazo que logo se precisa, a seguinte documentación:

-Modificación puntual do proxecto sectorial do parque empresarial de Monterroso (Lugo): sométese a información pública polo prazo dun mes contado a partir da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, para os efectos da Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, e do Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal.

Durante os prazos referidos calquera persoa poderá examinar a dita documentación, en horario de oficina, nas dependencias da Consellería de Vivenda e Solo, sitas no Polígono das Fontiñas, Área Central, s/n, en Santiago de Compostela, e no concello de Monterroso e presentar ante esta consellería as alegacións, documentos e xustificacións que considere pertinentes. Así mesmo, a devandita documentación aparecerá publicada na páxina web da Consellería de Vivenda e Solo.

Santiago de Compostela, 26 de marzo de 2009.

Daniel Pino Vicente
Director xeral do Instituto Galego da Vivenda
e Solo